

Pareceme arcaico  
seguir con esta loita  
acabar co maltrato  
romper con esta historia

Pasear pola calle  
escoitando a pura escoria  
tratando como obxecto  
a moitas das mulleres

Ter que vivir con medo  
facer o que lles manden  
sufrir golpes e berros  
nun xugo irrematable

Vestir como elas queiran  
sen que ninguén critique  
sen oír comentarios  
dun xefe, dun cacique

Ser libre e independente  
poder saír soa a rua  
volver integramente  
sen sangue, limpa e pura

Tratalas como parvas  
usalas como obxectos  
pensar ser superiores  
por motivo dun sexo

A muller e libre  
non é ningún obxecto  
nin vive baixo un xefe  
nin se debe a un reino

Acabar co maltrato  
romper con eses berros  
terminar co machismo  
po' cárcere eses necios.

Vestir como elas queiran  
sen que ninguén critique  
sen oír comentarios  
dun xefe, dun cacique

Ser libre e independente  
poder saír soa a rua  
volver integramente  
sen sangue, limpa e pura